

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO
AMBIENTE**

13259 *Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.*

A política agrícola común, desde os anos noventa, foi integrando progresivamente as novas demandas da sociedade europea. Neste sentido, son condicionantes da PAC o ambiente, o cambio climático, a saúde pública, a fitosanidade e a sanidade e o benestar animal.

A reforma da PAC do ano 2003 introduciu o concepto de condicionalidade, que incluía as boas condicións agrarias e ambientais da terra e os requisitos legais de xestión en materia de ambiente, saúde pública, zoonidade e fitosanidade, e benestar animal.

Para o período 2015-2020, o sistema da condicionalidade xunto cos pagamentos directos «verdes» e as medidas de desenvolvemento rural relativas ao ambiente constitúen un conxunto de medidas que permiten unha actividade máis respectuosa co ambiente.

No que respecta á condicionalidade, o seu ámbito de aplicación simplificouse co obxecto de garantir a súa coherencia, organizando as exixencias nunha lista única, agrupadas por áreas e temas, e axustouse, dado que unha serie de requisitos non estaban suficientemente relacionados coa actividade agraria ou a superficie da explotación, ou concernían máis ás autoridades nacionais que aos beneficiarios.

Por outra banda, no caso dos agricultores que participan no réxime simplificado para os pequenos agricultores, por razóns de simplificación, quedan exentos do sistema de control e do risco das sancións de condicionalidade. Non obstante, esta excepción non afecta a obriga de respectar as disposicións aplicables da lexislación sectorial ou a posibilidade de ser controlado e sancionado, en virtude da dita lexislación.

O Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello, establece, entre outras, as normas da condicionalidade.

O Regulamento (UE) n.º 1310/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que establece disposicións transitorias relativas á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), modifica o Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que atinxe aos recursos e á súa distribución no exercicio de 2014, e modifica o Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello e os regulamentos (UE) n.º 1307/2013, (UE) n.º 1306/2013 e (UE) n.º 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á súa aplicación no exercicio de 2014, establece que a partir do 1 de xaneiro de 2015 se deben aplicar as disposicións sobre a condicionalidade establecidas no Regulamento (UE) n.º 1306/2013.

O Regulamento delegado (UE) n.º 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e

á condicionalidade, establece no seu título IV unha base harmonizada para o cálculo das penalizacións derivadas da condicionalidade.

O citado regulamento tamén establece determinadas obrigas dos Estados membros e dos agricultores no que respecta aos pastos permanentes, xa que no ano 2015 as normas de condicionalidade inclúen o seu mantemento.

O Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, ás medidas de desenvolvemento rural e á condicionalidade, establece as normas técnicas e de procedemento en relación co cálculo e aplicación das penalizacións.

Tendo en conta o anterior, considérase conveniente derrogar o Real decreto 486/2009, do 3 de abril, e aprobar un real decreto para aplicar a nova lexislación comunitaria publicada ao respecto.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este real decreto ten por obxecto determinar as normas da condicionalidade que deberán cumprir:

a) Os beneficiarios que reciban pagamentos directos, en virtude do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello.

b) Os beneficiarios que reciban as primas anuais en virtude dos artigos 21, número 1, letras a) e b); 28 a 31; 33 e 34 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello.

c) Os beneficiarios que reciban pagamentos en virtude dos artigos 46 e 47 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007.

O presente marco normativo afectará tamén os beneficiarios das oito medidas de desenvolvemento rural, en virtude do artigo 36, letra a), incisos i a v), e letra b), incisos i), iv) e v) do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), do período anterior (2007-2013), así como aos beneficiarios que recibisen o primeiro pagamento da prima á arrinca e á reestruturación e reconversión do viñedo, segundo o disposto nos artigos 85 uncies e 103 septvicies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM) nos anos 2012, 2013 ou 2014.

Segundo o artigo 92 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello, os agricultores que participan no réxime a favor dos pequenos agricultores quedarán exentos da condicionalidade e, en particular, do seu sistema de control e da aplicación de penalizacións previstas no artigo 8 deste real decreto.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións contidas no Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no Regulamento delegado (UE) n.º 640/2014 e no Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, ás medidas de desenvolvemento rural e á condicionalidade, así como as seguintes:

a) Leito: curso ou leito natural dunha corrente continua ou descontinua é o terreo cuberto polas augas nas máximas enchentes ordinarias. Considerarase como caudal da máxima enchente ordinaria a media dos máximos caudais anuais, no seu réxime natural, producidos durante dez anos consecutivos, que sexan representativos do comportamento hidráulico da corrente e que teñan en conta as informacións hidrolóxicas, hidráulicas, fotográficas e cartográficas que existan, así como as referencias históricas dispoñibles.

b) Labrar a terra: remover o terreo de cultivo mediante útiles mecánicos.

c) Labrar a terra con volteo: inverter a terra da capa máis superficial do solo cultivado co auxilio de arados, poñendo unha parte da terra dun estrato inferior nun estrato superior.

Considéranse labores con volteo os realizados, entre outros, con arado de gradóns, vernetes, arados de vesadoiro e arados de discos de desfondamento.

d) Marxes: os terreos que lindan cos leitos.

e) Particularidades topográficas ou elementos da paisaxe: aquelas características do terreo tales como sebes, árbores illadas, en ringleira e en grupos, lindeiros, charcas, lagoas, estanques e bebedeiros naturais, illas e enclaves de vexetación natural ou rocha, terrazas de retención e, cando a comunidade autónoma así o determine, terroñais, pequenas construcións tales como valos de pedra seca, antigos pombais ou outros elementos de arquitectura tradicional que poidan servir de acubillo para a flora e a fauna, coa excepción daquelas construcións que poidan entrañar algún risco sanitario para o gando ou para a fauna silvestre.

Neste sentido, considéranse sebes: aliñación densa e uniforme de arbustos que se utiliza para cercar, delimitar ou cubrir zonas e terreos; lindes: banda de terreo estable que discorre paralela ao límite da parcela agrícola e a separa fisicamente e terrazas de retención: os socalcos de pedra seca, os ribazos provistos de vexetación herbácea, arbustiva ou arbórea, as terrazas e gabias de contorno no caso de labra a nivel e as barreiras vivas vexetais perpendiculares á pendente que, mediante o control dos escorrementos, protexen o solo da erosión.

f) Pendente: a inclinación media do terreo calculada nun recinto SIXPAC a partir dun modelo dixital de elevacións.

g) Recinto SIXPAC: superficie continua de terreo, delimitada xeograficamente, dentro dunha parcela cunha referencia alfanumérica única e con uso único dos definidos dentro do Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC).

h) Refinación de terras: aquelas operacións de acondicionamento da superficie do solo dos socalcos e terras de regadío, destinadas a mellorar a eficiencia de uso da auga e facilitar a práctica da rega, realizadas sobre parcelas de cultivo nas cales se utilizan métodos de rega por gravidade, por superficie e inundación.

i) Ribeira: faixas laterais dos leitos públicos situadas por riba do nivel de augas baixas.

j) Zonas forestais: superficie de parcelas de referencia ou recintos con uso forestal (FO) en SIXPAC.

Artigo 3. Obrigas dos beneficiarios de determinadas axudas con respecto á condicionalidade.

Os beneficiarios a que se refire o artigo 1 deberán cumprir as normas de condicionalidade que figuran no anexo I deste real decreto e as normas en materia de boas condicións agrarias e ambientais da terra establecidas a nivel nacional, definidas no anexo II, así como o que se estableza nas normativas autonómicas en desenvolvemento destas obrigas.

Artigo 4. Pastos permanentes.

Polo que respecta ao ano 2015, as normas de condicionalidade tamén incluírán o mantemento de pastos permanentes.

O agricultor ou gandeiro titular de superficies dedicadas a pastos permanentes aterase ás exixencias previstas na normativa da Unión Europea, así como ás que establezan, de ser o caso, as comunidades autónomas, co obxecto de previr que a superficie total de pastos permanentes sufra unha redución significativa.

Para iso, se a proporción entre a superficie declarada de pastos permanentes, antes da aplicación do coeficiente de admisibilidade de pastos definido no Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas, e a superficie agrícola total diminuíu a nivel nacional no ano 2014 máis dun 5 % respecto á proporción de referencia establecida de acordo co artigo 3.4 do Regulamento (CE) n.º 1122/2009 da Comisión, do 30 de novembro de 2009, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello referido á condicionalidade, á modulación e ao sistema integrado de xestión e control nos réximes de axuda directa aos agricultores establecidos por ese regulamento, e normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello no referido á condicionalidade no réxime de axuda establecido para o sector vitivinícola, os beneficiarios que en 2015 soliciten axudas en virtude dos réximes de pagamentos directos solicitarán autorización para converter as terras dedicadas a pastos permanentes, coas excepcións previstas no artigo 37.2 do Regulamento delegado (UE) n.º 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade.

No caso de constatarse que non se pode cumprir en 2014 a obriga establecida no artigo 3.2 do Regulamento (CE) n.º 1122/2009 da Comisión, do 30 de novembro de 2009, é dicir, que a proporción en 2014 diminuíu en máis dun 10 %, ademais da obriga anterior, os beneficiarios que convertesen pastos permanentes en superficies dedicadas a outros usos e que soliciten unha axuda en virtude de calquera dos réximes de pagamentos directos en 2015 reconverterán terras en pastos permanentes, segundo as condicións establecidas no artigo 37.3 do Regulamento delegado (UE) n.º 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014.

As dúas obrigas citadas anteriormente aplicaranse unicamente no ano 2015.

Artigo 5. Coordinación e control da condicionalidade.

1. O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, será a autoridade nacional encargada do sistema de coordinación dos controis da condicionalidade, no sentido do disposto no

artigo 7.4 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas, como autoridades responsables no seu ámbito territorial das actividades de control, designarán os correspondentes organismos especializados de control para asegurar a observancia das normas de condicionalidade a que se refire o artigo 3 deste real decreto.

De acordo co disposto no artigo 67.2 do Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, o organismo pagador poderá ser designado para realizar tamén os controis de todos ou dalgúns requisitos, normas, actos ou ámbitos da condicionalidade sempre que a comunidade autónoma respectiva garanta que a eficacia dos controis sexa igual, polo menos, á conseguida cando estes os realiza un órgano ou organismo especializado de control.

3. As autoridades competentes para o cálculo das reducións e exclusións a que se refire o artigo 8 serán os organismos pagadores das comunidades autónomas.

Artigo 6. *Sistema de control.*

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas comunicarán ao FEGA os organismos especializados de control ou, se é o caso, os organismos pagadores que exercerán esa función.

O organismo pagador competente para o pagamento da axuda comunicará aos organismos especializados de control do ámbito territorial en que radiquen as explotacións a información necesaria sobre os agricultores que soliciten algunha das axudas recollidas no artigo 1 deste real decreto, para que aqueles poidan realizar os controis pertinentes.

2. As comunidades autónomas poderán efectuar, sobre os expedientes correspondentes aos beneficiarios aos cales é de aplicación este real decreto, controis administrativos, en particular os que xa se establezan nos sistemas de control, aplicables ao requisito, norma, acto ou ámbito de aplicación da condicionalidade respectivo, cando existan os métodos adecuados para isto, tal e como establece o artigo 96.2 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

3. Os métodos que se poderán aplicar para a selección das mostras de control sobre o terreo axustaranse ao disposto no artigo 69 do Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

4. Con respecto ás normas e aos requisitos da condicionalidade dos cales é responsable, o organismo especializado de control ou, se é o caso, o organismo pagador efectuará controis sobre o terreo sobre o un por cento, como mínimo, dos beneficiarios mencionados no artigo 1.

No caso de agrupacións de produtores a que se refiren os artigos 28 e 29 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, cada membro destes grupos pode considerarse como beneficiario para efectos de cálculo da mostra de control tal como se especifica no parágrafo primeiro.

Non obstante, a mostra mínima do 1 % de beneficiarios que serán controlados sobre o terreo pódese seleccionar por separado de cada unha das seguintes poboacións que teñen obrigas de condicionalidade de conformidade co artigo 92 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013:

a) Os beneficiarios que reciban pagamentos directos en virtude do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

b) Os beneficiarios das axudas previstas nos artigos 46 e 47 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

c) Os beneficiarios que reciben a prima anual conforme os artigos 21.1 a) e b); 28 a 31; 33 e 34 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

A porcentaxe mínima de control poderase alcanzar no ámbito de cada organismo especializado de control, ou no ámbito de cada acto ou norma, ou grupo de actos ou normas. Nos casos en que os controis non sexan realizados polo organismo pagador, esta porcentaxe mínima de control, non obstante, pódese alcanzar no ámbito deste organismo.

Cando a lexislación aplicable aos actos e ás normas fixe xa porcentaxes mínimas de control, aplicaranse esas porcentaxes en lugar da porcentaxe mínima mencionada. Como alternativa, poderase decidir que calquera caso de incumprimento detectado no transcurso dun control sobre o terreo previsto na lexislación aplicable aos actos e normas, que se realizan fóra da mostra mencionada no parágrafo primeiro, se comunicará e será seguido polo organismo especializado de control do acto ou da norma en cuestión.

Polo que respecta ás obrigas da condicionalidade en relación co Real decreto 2178/2004, do 12 de novembro, polo que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas de uso na cría de gando, a aplicación do ámbito de mostraxe específico dos plans de vixilancia, considérase suficiente para cumprir o requisito da porcentaxe mínima mencionada no parágrafo primeiro.

5. Non obstante o disposto no número 4, co fin de alcanzar a porcentaxe mínima de control no ámbito de cada acto ou norma, ou grupo de actos ou normas, poderanse:

- a) Utilizar os resultados dos controis sobre o terreo efectuados de conformidade coa lexislación aplicable aos actos e normas para os beneficiarios seleccionados, ou
- b) Substituír os beneficiarios seleccionados polos beneficiarios suxeitos a un control sobre o terreo levado a cabo de conformidade coa lexislación aplicable aos actos e ás normas, sempre que eses sexan beneficiarios dos referidos no artigo 1.

En tales casos, os controis sobre o terreo cubrirán todos os aspectos dos actos ou normas pertinentes, tal e como se definen na condicionalidade, e a eficacia dos ditos controis debe ser, polo menos, igual á alcanzada cando os controis sobre o terreo os levan a cabo os organismos especializados de control.

6. As características e a amplitude dos controis axustaranse ao disposto no artigo 71 do Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

7. Os controis sobre o terreo efectuados deberán ser obxecto dunha acta ou informe de control que recolla os resultados da visita de inspección e que se axustará ao disposto no artigo 72 do Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014. Informarase o agricultor de todo incumprimento observado no prazo dos tres meses posteriores á data do control sobre o terreo.

8. Cando dos controis sobre o terreo, efectuados durante unha campaña, se deduza un importante grao de incumprimento nun determinado acto ou norma, no período de control seguinte incrementarase o número de controis sobre o terreo que cómpre realizar para o dito acto ou a dita norma, tal como establece o artigo 68.4 do Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014. Dentro dun acto específico, a autoridade de control competente poderá limitar o alcance destes controis sobre o terreo aos requisitos infrinxidos con maior frecuencia.

9. Se a autoridade de control competente non é o organismo pagador, o informe de control e, cando se solicite, a documentación relevante de apoio, deberá enviarse ou poñerse á disposición do organismo pagador ou da autoridade de coordinación dentro dun mes tras a súa finalización.

Cando o informe non conteña ningunha constatación, poderá non enviarse, sempre que sexa directamente accesible, incluído por medios electrónicos, para o organismo pagador ou a autoridade de coordinación no prazo máximo dun mes despois da súa finalización.

Artigo 7. *Plans de control.*

1. O FEGA, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborará un plan nacional de controis da condicionalidade en que se recollerá calquera aspecto que se considere necesario para a realización coordinada dos controis sobre o terreo e dos controis administrativos. Este plan elaborárase de conformidade cos criterios especificados na normativa comunitaria e coas normas do artigo 6 deste real decreto.

2. Os plans autonómicos de control, axustados aos criterios xerais do plan nacional, comunicaránse ao FEGA no prazo máximo dun mes desde a súa aprobación.

Artigo 8. *Aplicación de penalizacións.*

1. De conformidade co previsto no artigo 91 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, cando un beneficiario dos referidos no artigo 1 deste real decreto incumpra as obrigas de condicionalidade previstas no artigo 3, en calquera momento dun ano natural determinado, e o incumprimento en cuestión sexa directamente imputable ao beneficiario que presentou a solicitude de axuda ou a solicitude de pagamento nese ano, aplicaráselle unha penalización.

Esta penalización aplicarase mediante redución ou exclusión do importe total dos pagamentos enunciados no artigo 1, concedidos ou por conceder a tal beneficiario, respecto ás solicitudes de axuda que presentase ou presente, no transcurso do ano natural en que se descubrixe o incumprimento.

A penalización só se aplicará cando o incumprimento sexa consecuencia dunha acción ou omisión directamente atribuíble ao beneficiario e, ademais, estea relacionado coa actividade agraria deste ou afecte a superficie da súa explotación.

Esta penalización non se aplicará cando o incumprimento afecte zonas forestais, para as cales non se solicitase axuda de acordo cos artigos 21.1 a), 30 e 34 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

O parágrafo primeiro aplicarase, nos termos correspondentes, aos beneficiarios que incumprisen as obrigas de condicionalidade, en calquera momento durante un período de tres anos a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte ao ano natural en que se producise o primeiro pagamento, no marco dos programas de apoio á reestruturación e á reconversión de viñedo, ou en calquera momento durante un ano a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte ao ano natural en que se producise o dito pagamento no marco dos programas de apoio á colleita en verde a que se refire o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

O cálculo e a aplicación de penalizacións axustaranse ao disposto nos artigos 39 e 40 do Regulamento delegado (UE) n.º 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, e nos artigos 73, 74 e 75 do Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

2. Nos casos en que a terra se transfira durante o ano natural ou os anos de que se trate, o número 1 tamén será aplicable cando o incumprimento en cuestión resulte dun acto ou omisión que se poida atribuír directamente á persoa a quen se transferiu a terra ou que a transferiu. Non obstante, en caso de que a persoa á cal se poida atribuír directamente o acto ou omisión presentase unha solicitude de axuda ou unha solicitude de pagamento no ano natural ou nos anos de que se trate, a penalización aplicarase sobre a base dos importes totais dos pagamentos concedidos ou por conceder a esa persoa.

3. Para os efectos do parágrafo segundo do número 2 do artigo 99 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, a comunidade autónoma poderá establecer un sistema de alerta rápida que se aplicará, nos casos debidamente xustificadas, aos incumprimentos de gravidade leve que non teñan repercusión fóra da explotación e dos que non deriven efectos ou o tempo de permanencia destes sexa menor a un ano, que non darán lugar a unha redución ou

exclusión. Os casos de incumprimento que entrañen riscos directos para a saúde pública ou a sanidade animal sempre darán lugar a unha redución ou a unha exclusión.

En todo caso, dentro dun prazo de tres meses posteriores á data do control sobre o terreo, informarase o agricultor do incumprimento e da obriga de adoptar medidas correctoras, a menos que as adoptase inmediatamente. En caso de que un control posterior, dentro dun período consecutivo de tres anos naturais, estableza que o incumprimento non se emendou no prazo determinado, fixado pola autoridade competente e que non se poderá estender máis alá do final do ano seguinte a aquel en que se efectuou a verificación, aplicarase unha redución de polo menos o 1 % con carácter retroactivo respecto ao ano da detección do incumprimento en que se aplicou o sistema de alerta rápida. O cálculo da penalización terá en conta a reiteración do incumprimento no ano en que o control posterior se levou a cabo. Nos obstante, un incumprimento que fose corrixido polo beneficiario no prazo fixado non se considerará un incumprimento para efectos de reiteración.

4. O 25 % dos importes resultantes das reducións efectuadas por incumprimentos da condicionalidade, en aplicación do artigo 100 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, corresponderá ás comunidades autónomas de forma proporcional ás contías retidas en cada unha delas.

5. En virtude do establecido no artigo 66 do Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, sobre o pagamento da axuda en relación cos controis da condicionalidade, cando estes controis non se poidan concluír antes de realizar o pagamento das axudas e primas anuais a que se refire o artigo 92 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, a cantidade que o beneficiario deberá pagar como resultado da penalización recuperarase de conformidade co artigo 7 do Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, relativo á recuperación de pagamentos indebidos, ou mediante compensación («offsetting»).

Artigo 9. *Coordinación e comunicacións entre administracións públicas.*

1. O FEGA, como organismo de coordinación de organismos pagadores, recibirá a información prevista no artigo 9 do Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, da cal dará traslado á Comisión Europea.

2. Para que se poida cumprir o establecido no artigo 9.1 b) do Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, nos prazos previstos, as comunidades autónomas remitirán ao FEGA, antes do 30 de xuño, un informe correspondente ao ano anterior, que recolla os resultados dos controis de condicionalidade e que inclúa as reducións e exclusións aplicadas.

3. Para que se poida cumprir o establecido no número 2 do Regulamento de execución (UE) n.º 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, as comunidades autónomas remitirán ao FEGA, antes do 15 de xuño de 2015, un informe coas opcións elixidas para o control dos requisitos e normas e os organismos especializados de control encargados dos controis de condicionalidade. As modificacións posteriores desta información serán comunicadas ao FEGA para informar a Comisión sen demora.

Disposición adicional única. *Contención do gasto.*

As medidas incluídas nesta norma serán atendidas coas dotacións orzamentarias existentes, e non poderán supoñer incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 486/2009, do 3 de abril, polo que se establecen os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da política agrícola común, os

beneficiarios de determinadas axudas de desenvolvemento rural e os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima por arrinca do viñedo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que reserva para o Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar as datas a que se refire o artigo 9.

2. Así mesmo, sen prexuízo da aplicación deste real decreto, facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para ditar, se é o caso, as disposicións específicas para a aplicación e adaptación do sistema da condicionalidade ás peculiaridades propias da Comunidade Autónoma de Canarias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2015.

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I

Requisitos legais de xestión

Ámbito	Aspecto principal	Requisitos	Normas nacionais de referencia
Ambiente, cambio climático, boas condicións agrícolas da terra	Auga	<p>RLX 1</p> <p>Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos procedentes de fontes agrarias (DO L 375, do 31.12.1991, p. 1)</p>	Real decreto 261/1996, do 16 de febreiro, sobre protección das augas contra a contaminación producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.
	Biodiversidade	<p>RLX 2</p> <p>Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres (DO L 20, do 26.1.2010, p. 7)</p>	<p>Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.</p> <p>Real decreto 1997/1995, do 7 de decembro, polo que se establecen medidas para contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.</p>
		<p>RLX 3</p> <p>Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (DO L 206, do 22.7.1992, p. 7)</p>	<p>Artigo 6, números 1 e 2: conservación de hábitats e especies da Rede Natura 2000.</p>

Ámbito	Aspecto principal	Requisitos	Normas nacionais de referencia
Saúde pública, sanidade animal e fitosanidade	Seguridade alimentaria	<p>Artigos 14 e 15, artigo 17, número 1*, e artigos 18, 19 e 20.</p> <p>Art. 14: os produtos da explotación destinados a seren comercializados como alimentos deben ser seguros.</p> <p>Art. 15: comprobar que nas explotacións gandeiras destinadas á produción de alimentos non existen nin se lles dan aos animais pensos que non sexan seguros.</p> <p>Art. 17(1) (*): sobre hixiene dos produtos alimentarios e dos pensos (desenvolvido polos regulamentos (CE) nº 852/2004 e 183/2005), e sobre hixiene dos produtos de orixe animal (desenvolvido polo Regulamento (CE) nº 853/2004).</p> <p>Art. 18: rastrexabilidade. Identificación dos operadores que subministraron a unha explotación pensos, alimentos, animais para produción de alimentos, ou substancias destinadas a seren incorporadas a un penso ou a un alimento e identificación dos operadores aos cales a explotación subministrou os seus produtos.</p> <p>Art. 19 e 20: responsabilidades dos explotacións de empresas de pensos/alimentos.</p>	<p>Real decreto 821/2008, do 16 de maio, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene de pensos e se establece o rexistro xeral de establecementos no sector de alimentación animal, no referente ás obrigas que deriven da normativa comunitaria específica.</p> <p>Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios.</p> <p>Orde APA/326/2007, do 9 de febreiro, pola que se establecen as obrigas dos titulares de explotacións agrícolas e forestais en materia de rexistro da información sobre o uso de produtos fitosanitarios.</p>

Ámbito	Aspecto principal	Requisitos	Normas nacionais de referencia
	<p>RLX 5</p> <p>Directiva 96/22/CE do Consello, do 29 de abril de 1996, pola que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias β-agonistas na cría de gando (DO L 125 do 23.5.1996 p.3)</p>	<p>Artigo 3, alíneas a), b), d) e e), e artigos 4, 5 e 7. Comprobar que non hai na explotación, salvo que exista unha información, substancias non autorizadas; non administrar estas substancias aos animais (salvo as excepcións para os tratamentos zootécnicos ou terapéuticos) e non comercializar animais aos cales se lles subministrasen substancias ou produtos non autorizados e, en caso de administración de produtos autorizados, que se respectou o prazo de espera prescrito para os ditos produtos.</p>	<p>Real decreto 2178/2004, do 12 de novembro, polo que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas de uso na cría de gando.</p>
<p>Identificación e rexistro de animais</p>	<p>RLX 6</p> <p>Directiva 2008/71/CE do Consello, do 15 de xullo de 2008, relativa á identificación e ao rexistro de porcos (DO L 213, do 8.8.2005, p. 31)</p>	<p>Artigos 3, 4 e 5</p> <p>Art. 3: rexistro de explotacións porcinas por parte dos Estados membros.</p> <p>Art. 4: condicións dos rexistros das explotacións de animais da especie porcina.</p> <p>Art. 5: requisitos de identificación e do movemento de animais da especie porcina.</p>	<p>Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina e cabrúa.</p> <p>Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.</p> <p>Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establecen e regulan o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais, modificado por:</p>
	<p>RLX 7</p> <p>Regulamento (CE) nº 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo á etiquetaxe da carne de vacún e dos</p>	<p>Artigos 4 e 7</p> <p>Art. 4: requisitos e condicións da marcación auricular da especie bovina.</p> <p>Art. 7: requisitos e condicións do pasaporte e do rexistro de animais da especie bovina.</p>	<p>Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.</p> <p>Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.</p>

Ámbito	Aspecto principal	Requisitos	Normas nacionais de referencia
		<p>productos a base de carne de vacuín (DO L 204, do 11.8.2000, p. 1)</p>	<p>Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establecen e regulan o Rexistro Xeral de Movementos de Gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais, modificado por:</p> <p>Orde ARM/687/2009, do 11 de marzo, pola que se modifica o anexo XI do Real decreto 728/2007.</p>
		<p>RLX 8</p> <p>Regulamento (CE) nº 21/2004 do Consello, do 17 de decembro de 2003, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrú e se modifican o Regulamento (CE) nº 1782/2003 e as directivas 92/102/CEE e 64/432/CEE (DO L 5, do 9.1.2004, p. 8)</p>	<p>Artigos 3, 4 e 5: comprobar a correcta identificación e rexistro do gando ovino-cabrún.</p> <p>Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras.</p> <p>Real decreto 685/2013, do 16 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrú.</p> <p>Real decreto 728/2007, do 13 de xuño, polo que se establecen e regulan o Rexistro Xeral de Movementos de gando e o Rexistro Xeral de Identificación Individual de Animais.</p>
Enfermidades animais		<p>RLX 9</p> <p>Regulamento (CE) nº 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles (DO L 147, do 31.5.2001, p. 1)</p>	<p>Artigos 7, 11, 12, 13 e 15</p> <p>Art. 7: respectar as prohibicións en materia de alimentación dos animais.</p> <p>Art. 11: cumprimento na notificación de encefalopatías esponxiformes transmisibles.</p> <p>Art. 12: adopción das medidas relativas aos animais sospeitosos.</p> <p>Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica.</p>

Ámbito	Aspecto principal	Requisitos	Normas nacionais de referencia
		<p>Art. 13: adopción das medidas conseguintes á confirmación da presenza de encetalopatías esponxiformes transmisibles.</p> <p>Art. 15: posta no mercado de animais vivos, esperma, os seus óvulos e embrións.</p>	
Produtos fitosanitarios	<p>RLX 10</p> <p>Regulamento (CE) nº 1107/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, relativo á comercialización de produtos fitosanitarios e polo que se derrogan as directivas 79/117/CEE e 91/414/CEE do Consello (DO L 309, do 24.11.2009, p. 1)</p>	<p>Os produtos fitosanitarios utilizaranse adecuadamente.</p> <p>A utilización adecuada incluír a aplicación dos principios de boas prácticas fitosanitarias e o cumprimento das condicións establecidas na autorización de comercialización do produto fitosanitario e especificadas na etiqueta.</p>	<p>Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica.</p>
Benestar animal	Benestar animal	<p>RLX 11</p> <p>Directiva 2008/119/CE do Consello, do 18 de decembro de 2008, relativa ás normas mínimas para a protección de xatos (DO L 10, do 15.1.2009, p. 7)</p> <p>RLX 12</p> <p>Directiva 2008/120/CE do Consello, do 18 de decembro de 2008, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos (DO L 47, do 18.2.2009, p. 5)</p>	<p>Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica.</p> <p>Real decreto 1047/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de xatos.</p> <p>Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, no referente ás obrigas que deriven das disposicións da normativa comunitaria específica.</p> <p>Real decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos.</p>

Ámbito	Aspecto principal	Requisitos	Normas nacionais de referencia
	RLX 13 Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras (DO L 221, do 8.8.1998, p. 23)	Artigo 4: condicións de cría e mantemento de animais.	Lei 32/2007, do 7 de novembro, para o coidado dos animais na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio, no referente ás obrigas que derivan das disposicións da normativa comunitaria específica. Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.

* Na súa aplicación, en particular, en virtude de:

- Artigo 14 do R. 470/2009 e anexo do R. 37/2010.
- Regulamento (CE) nº 852/2004: artigo 4, número 1, e anexo I, parte A [II.4 alíneas g), h), i); 5, alíneas f) e h); 6; III.8, alíneas a), b), d) e e); 9, alíneas a) e c)]
- Regulamento (CE) nº 853/2004: artigo 3, número 1, e anexo III, sección IX, capítulo 1 [I.1, alíneas b), c), d) e e); I.2, alínea a), incisos i), ii), iii), alínea b), incisos i) e ii), e alínea c); I.3; I.4; I.5; II.A, números 1, 2, 3, 4; II.B, 1, alíneas a) e d); 2, 4, alíneas a) e b)], anexo III, sección X, capítulo 1.1.
- Regulamento (CE) nº 1831/2003: artigo 5, número 1, e anexo I, parte A [I.4, alíneas e) e g); II.2, alíneas a), b) e e)]; artigo 5, número 5, e anexo III, números 1 e 2; artigo 5, número 6.
- Regulamento (CE) nº 396/2005: artigo 18.

ANEXO II**Boas condicións agrarias e ambientais da terra****ÁREA DE AMBIENTE, CAMBIO CLIMÁTICO E BOA CONDICIÓN AGRÍCOLA DA TERRA.****1. ASPECTO PRINCIPAL: AUGA****BCAM 1. Creación de franxas de protección nas marxes dos ríos.**

Nas marxes dos ríos, lagos e lagoas, consideradas a partir da ribeira, non se poderán aplicar fertilizantes nunha franxa cuxo largo será o recollido no Código de boas prácticas agrarias da comunidade autónoma. Ademais, nas ditas franxas respectaranse, se é o caso, o resto de requisitos relativos ás condicións de aplicación de fertilizantes a terras próximas a cursos de auga a que se refire o punto A4 do anexo II da Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991, relativa á protección das augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura.

Para efectos do parágrafo anterior, considerarase a definición de fertilizantes da alínea e) do artigo 2 da Directiva 91/676/CEE do Consello, do 12 de decembro de 1991. As comunidades autónomas poderán considerar ademais, no seu ámbito territorial, outros leitos ou masas de auga, en especial as zonas húmidas, tendo en conta as súas características agroclimáticas e edafolóxicas.


Do mesmo modo, nas marxes referidas non se poderán aplicar produtos fitosanitarios nunha franxa de 5 metros de largo, sen prexuízo dunha limitación maior recollida na etiqueta dos ditos produtos.

Estas franxas de protección estarán situadas na parcela agrícola ou serán contiguas a ela, de forma que os seus bordos longos sexan paralelos ao bordo do leito ou masa de auga, e poderán estar constituídas por vexetación de ribeira.

Na franxa de protección na cal non se apliquen fertilizantes non haberá produción agrícola, excepto no caso dos cultivos leñosos que xa estean implantados, xa que a arrinca podería diminuír a protección das marxes. Poderase permitir a sementeira de mesturas de flora silvestre, o pastoreo ou a sega, sempre que a franxa de protección siga sendo distinguible da terra agrícola contigua.

Nestas franxas as comunidades autónomas poderán permitir, en caso necesario, a realización de labores superficiais de mantemento, para evitar a proliferación de pragas e enfermidades que constitúan un risco sanitario para os cultivos adxacentes.

As comunidades autónomas poderán exceptuar do cumprimento desta BCAM 1 determinados cultivos con características especiais ou situados en localizacións específicas e deberán fundamentar a súa decisión.



BCAM 2. Cumprimento dos procesos de autorización do uso de auga para a rega.

Para as superficies de regadío, o agricultor deberá acreditar o seu dereito de uso de auga de rega concedido pola Administración hidráulica competente.

BCAM 3 Protección das augas subterráneas contra a contaminación: prohibición de verteduras directas nas augas subterráneas e medidas para previr a contaminación indirecta das augas subterráneas mediante a vertedura sobre o terreo e a filtración a través do solo de substancias perigosas, tal como se enumeran no anexo da Directiva 80/68/CEE do Consello, do 17 de decembro de 1979, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación causada por determinadas substancias perigosas, na súa versión en vigor no seu último día de vixencia, na medida en que teña relación coa actividade agrícola.

Os agricultores non verterán de forma directa ou indirecta as substancias da lista I da Directiva 80/68/CEE do Consello, do 17 de decembro de 1979 (compostos órgano haloxenados e substancias que poidan orixinar compostos semellantes no medio acuático, compostos órgano fosforados, compostos orgánicos de estaño, substancias que posúan un poder canceríxeno, mutáxeno ou teratóxeno no medio acuático ou a través deste, mercurio e compostos de mercurio, cadmio e compostos de cadmio, aceites minerais e hidrocarburos e cianuros).

Os agricultores non verterán, a non ser que se obteña autorización, de forma directa ou indirecta, as substancias da lista II da Directiva 80/68/CEE do Consello, do 17 de decembro de 1979 (metaloides, determinados metais e os seus compostos, biocidas e os seus derivados que non figuren na lista I, substancias que teñan un efecto prexudicial no sabor e/ou no olor das augas subterráneas, así como os compostos que poidan orixinar estas substancias nas augas, volvéndoas non aptas para o consumo humano, compostos orgánicos de silicio tóxicos ou persistentes e substancias que poidan orixinar os ditos compostos nas augas, salvo aqueles que sexan bioloxicamente inocuos ou que se transformen rapidamente na auga en substancias inocuas, compostos inorgánicos de fósforo elemental, fluoruros, amoníaco e nitritos).

2. ASPECTO PRINCIPAL: SOLO E RESERVA DE CARBONO

BCAM 4. Cobertura mínima do solo

Cultivos herbáceos. Nas parcelas agrícolas de secaño que se sementen con cultivos herbáceos de inverno non se deberá labrar con volteo o solo, entre a data de recolección da colleita anterior e o 1 de setembro, data que se establece como referencia do inicio da presemteira.

Non obstante, para favorecer a implantación da cuberta vexetal con cultivos herbáceos e por razóns agronómicas, como as dobres colleitas, climáticas e de tipoloxía de solos, poderanse establecer en certas zonas datas de inicio de presemteira máis adaptadas ás súas condicións locais, así como técnicas adecuadas de labra, infiltración de auga estancada e incorporación de materia orgánica con fins de fertilización.

Cultivos leñosos. No caso de cultivos leñosos en pendente igual ou superior ao 15%, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou socalcos, será necesario manter unha cuberta vexetal de largo mínimo de 1 metro nos corredores transversais á liña de máxima pendente ou nos corredores paralelos á dita liña, cando o deseño da parcela ou o sistema de rega impidan o seu establecemento na outra dirección.

Non obstante, no momento en que poida competir co cultivo ou imposibilite a súa recolección, esta cuberta poderase eliminar mediante métodos químicos ou mecánicos, e poderá ser incorporada mediante un labor superficial, respectando en todo caso o establecido no número relativo a cultivos leñosos da BCAM 5.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación no caso de parcelas de cultivo de superficie igual ou inferior a unha hectárea, no caso de parcelas de cultivo irregulares ou alongadas cuxa dimensión mínima no sentido transversal á pendente sexa inferior a 100 metros en calquera punto da parcela e cando, por razóns de mantemento da actividade produtiva tradicional, a Administración competente determine e autorice aquelas técnicas de agricultura de conservación que se consideren adecuadas.

Nas parcelas agrícolas que se encontren incluídas nas zonas de influencia forestal, as comunidades autónomas poderán establecer a obriga de labrar unha franxa perimetral do largo necesario para que sirva de devasa.

Non se poderá arrincar ningún pé de cultivos leñosos situados en recintos de pendente igual ou superior ao 15 por cento, salvo nas zonas en que así se estableza e sexa obxecto de reposición autorizada pola autoridade competente.

Nestes casos hai que respectar as normas destinadas á súa reconversión cultural e varietal e aos cambios de cultivo ou aproveitamento.

O disposto nos parágrafos anteriores non será de aplicación cando a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou socalcos.

Terras de barbeito e terras sen cultivo. Realizaranse prácticas tradicionais de cultivo, prácticas de mínima labra ou manterase unha cuberta vexetal adecuada, ben sexa espontánea ben mediante a sementeira de especies mellorantes.

As parcelas nas cales non se realice actividade agraria débense manter de acordo coas normas locais reguladoras da dita situación.

BCAM 5. Xestión mínima das terras que reflecta as condicións específicas locais para limitar a erosión

Cultivos herbáceos. Nas superficies que se destinen a cultivos herbáceos, non se deberá labrar con volteo a terra na dirección da máxima pendente cando, nos recintos cultivados, a pendente sexa igual ou superior ao 15 por cento, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou socalcos. As comunidades autónomas poderán establecer límites inferiores en función das súas particularidades topográficas.

Cultivos leñosos. En cultivos leñosos non se deberá labrar con volteo a favor da pendente a terra en recintos con pendentes iguais ou superiores ao 15 por cento, salvo que a pendente real do recinto estea compensada mediante terrazas ou bancais, se adopten formas especiais de cultivo como o cultivo en faixas, se practique labra mínima ou de conservación, ou se manteña unha cobertura de vexetación total do solo. En caso de existencia de socalcos, será obrigatorio evitar calquera tipo de labor que afecte a estrutura dos noiros existentes. As comunidades autónomas poderán establecer límites inferiores en función das súas particularidades topográficas.

O disposto nos parágrafos anteriores non será de aplicación no caso de parcelas de cultivo de superficie igual ou inferior a unha hectárea, no caso de parcelas de cultivo irregulares ou alongadas cuxa dimensión mínima no sentido transversal á pendente sexa inferior a 100 metros en calquera punto da parcela e cando, por razóns de mantemento da actividade produtiva tradicional, a Administración competente determine e autorice aquelas técnicas de agricultura de conservación que se consideren adecuadas. En todos os supostos, a implantación do cultivo farase o máis rapidamente posible, para evitar que o solo se poida ver afectado pola erosión.

BCAM 6. Mantemento do nivel de materia orgánica no solo mediante prácticas adecuadas, incluída a prohibición de queimar os restollos, excepto por razóns fitosanitarias

Non se poderán queimar restollos en todo o ámbito nacional salvo que, por razóns fitosanitarias, a queima estea autorizada pola autoridade competente, caso en que estará condicionada ao cumprimento das normas establecidas en materia de prevención de incendios e, en particular, as relativas ao largo mínimo dunha franxa perimetral cando os terreos estremen con terreos forestais.


Cando se eliminen restos de colleita de cultivos herbáceos e de poda de cultivos leñosos deberase realizar, se é o caso, de acordo coa normativa establecida.

3. ASPECTO PRINCIPAL: PAISAXE, NIVEL MÍNIMO DE MANTEMENTO**BCAM 7. Mantemento das particularidades topográficas e prohibición de cortar sebes e árbores durante a tempada de cría e reprodución das aves.**

Non se poderá efectuar unha alteración das particularidades topográficas ou elementos da paisaxe definidos no artigo 2 deste real decreto, salvo no caso de contar con autorización expresa da autoridade competente.

Non obstante, tendo en conta que os elementos da paisaxe protexidos formarán parte da superficie admisible da parcela agrícola na cal estean situados, considérase necesario definir o marco de aplicación e control desta norma para algúns elementos, polo que se establecen os seguintes límites máximos que as comunidades autónomas poderán modificar, de forma xustificada, atendendo ás súas particularidades paisaxísticas rexionais ou locais e a posibles casos específicos.

- Sebes dun largo de ata 10 m.
- Árbores en grupos que ocupen unha superficie máxima de 0,3 ha.
- Lindes dun largo de ata 10 metros.
- Charcas, lagoas, estanques e bebedoiros naturais de ata un máximo de 0,1 ha. Non se considerarán os depósitos de cemento ou de plástico.
- Illas e enclaves de vexetación natural ou rocha: ata un máximo de 0,1 ha.
- Terrazas dun largo, en proxección horizontal, de ata 10 metros.



Non obstante o anterior, queda prohibido cortar tanto sebes coma árbores durante a temporada de cría e reprodución das aves, salvo autorización expresa da autoridade ambiental. Tomarase como referencia o período comprendido entre os meses de marzo e xullo e este poderá ser modificado de forma xustificada polas comunidades autónomas.

Exceptúanse da obriga establecida no primeiro parágrafo a construción de paradas para corrección de corgos, regueiros e socalcos, así como as operacións de refinación de terras que se realicen naquelas parcelas que se vaian dedicar ao cultivo do arroz e outros de regadío.